



Roberto Tizón Miguéns con D.I. e enderezo, para os efectos de notificación, nos locais sindicais da CIG sitos no Pazo Municipal, na súa condición de Secretario da Sección Sindical da CIG no concello da Coruña

Auto. de A Coruña
Concello da Coruña
REGISTRO GENERAL / REXISTRO XERAL
ENTRADA/ENTRADA
Fecha/Data 14-12-09 12:15:23
N. Neg/Gen/N. Neg/Xer 48.876/

EXPÓN:

1. Que o pasado día 24 de novembro publicouse no BOP a aprobación inicial do orzamento do concello da Coruña.
2. Que o Goberno Municipal non negociou o capítulo I dos orzamentos inclumprindo o recollido no artigo 37,1,a) e e) da Lei 7/2007, de 12 de abril, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público.

Na reunión de Mesa Xeral de Negociación do día 26 de outubro se limitou a informar da súa proposta e na do día 2 de novembro se limitou a ratificalo despois de escoitar o que as organizacións sindicais opinabamos pero sen que se producira ningún tipo de negociación, foi unha imposición pura e dura.

3. Estes Orzamentos non contemplan a dotación económica precisa para afrontar a reclasificación recollida na Disposición Transitoria primeira da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación das Policías Locais de Galiza.

Como se recoñece no artigo 5º do acordo asinado entre parte dos sindicatos presentes na Mesa Xeral de Negociación o pasado día 1 de decembro os policías que ingresaron en maio de 2009 percibirán a totalidade das retribucións básicas que corresponden ao grupo C1 e a totalidade das retribucións complementarias que figuran na RPT. Tendo en conta que un mesmo posto de traballo non pode ter retribucións diferentes, a totalidade dos policías que conforman o cadro do servizo teñen dereito a percibir as mesmas retribucións sen ningún tipo de desconto, os 335.000 € que se destinan a reclasificación da policía local no orzamento deste ano non chegan para cubrir o que lles debe do ano 2009 e moito menos para cubrir os aproximadamente 500.000 € que serían necesarios para o ano 2010.

4. Aparecen dúas partidas de produtividade, unha de 126.000 € para clasificación orgánica 10, Alcaldía e outra de 603.000 € para o resto do persoal; nos acordos acadados durante a negociación da RPT en vigor quedouse en unificar as produtividades e negociar os criterios de reparto, cousa que segue sen facerse.

Polo anteriormente exposto

SOLICITA:

Que se teñan por presentadas estas ALEGACIÓNS aos orzamento do concello da Coruña para o ano 2010 e que este non se aprobe de xeito definitivo en tanto non se resolvan as cuestións alegadas.

A Coruña, 14 de decembro de 2009.


Confederación Intersindical Galega
SECCION SINDICAL
CONCELLO DA CORUÑA

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DA CORUÑA